

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 7 DE MAIO DE 2018.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día sete de maio de dous mil dezaoto ; as nove horas e cinco minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde D José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Javier Iglesias Sendín, Don Ricardo González Amaro, Dona María López Touza

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 23 de abril de dous mil dezaoto (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Outorgamento licenza de obras 781/2017 RIB / N/61.2/17

Visto o escrito presentado por don Javier Deaño Bóveda e dona Sandra González González solicitando licenza de obras segundo documentación de “ Proxecto básico .Rehabilitación e ampliación de edificación no casco histórico de Ribadavia(Ourense)” redactado pola arquitecta dona Mariela Coronel González, con número de rexistro de entrada no concello 964 de 1 de marzo de 2018

Consta “ Proxecto básico .Rehabilitación e ampliación de edificación no casco histórico de Ribadavia(Ourense)” redactado pola arquitecta dona Mariela Coronel González, con número de rexistro de entrada no concello 964 de 1 de marzo de 2018

Consta informe favorable da Arquitecto Municipal de data 4 de abril de 2018.

Consta acordo favorable da Comisión de Seguemento do PEPRI de Ribadavia de data 10 de abril de 2018.

Consta informe do Secretario municipal de data 3 de maio de 2018.

A Xunta de Goberno Local, , acorda :

Conceder licenzas de obras a don Javier Deaño Deaño e a dona Sandra González González para “ Proxecto básico .Rehabilitación e ampliación de edificación no casco histórico de Ribadavia(Ourense)” redactado pola arquitecta dona Mariela Coronel González, con número de rexistro de entrada no concello 964 de 1 de marzo de 2018 en Rúa Ribeiro 1- Rúa Progreso, debendo cumprir as condicións técnicas sinaladas no informe técnico de data 4 de abril de 2018.

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licenzas outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 144.3 da Lei do Solo de Galicia, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: *O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.*

Caducidade: *A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.*

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: *Vivenda.*

Contía na que se orzan as obras: *75.231,36 €*

Situación e emprazamento das obras: *Rúa Ribeiro 1º-Rúa Progreso , Ribadavia..*

Nome ou razón social do promotor: don Javier Deaño Bóveda e dona Sandra González González

Prazos: O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de tres (3) anos , a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

Liquidación do ICIO: Tendo en conta que con data 1/3/2018, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a contía de 1.956,54 euros, *non procede a práctica de liquidación complementaria.*

OUTRAS CONDICIONS.-

-Considérase un erro a referencia á carpintería na Ficha particular do Catálogo do PEPRI , debendo axustarse ás cores da carpintería fixadas no artigo 51 Carpintería exterior dos ocos de fachada das Ordenanzas do PEPRI e que se indicarán no Proxecto de Execución.

-No proxecto básico presentado proxéctase a ampliación dunha planta cun corpo voado acristalado a modo de galería, presentando unha división co resto do espazo do estar-cociña , considerase que esta división deberá ser un elemento fixo polo menos no 50% da súa lonxitude, coa finalidade de acadar o carácter tradicional.

-Respecto da galería , axustarase o representado en alzado ó representado en planta, en cuanto ó recuado 60 cm da edificación colindante en base o esixido no artigo 55 das citadas Ordenanzas.

Antes do inicio das obras deberá presentarse o Proxecto de Execución e os correspondentes Oficios de Dirección da Execución das Obras e de Coordinación en Seguridade e saúde.

Outorgamento licenza de obras 2399/2017 RIB / N/05.1/18

Visto o escrito presentado por **Don Enrique Nogueira Martínez** , onde solicita Licenza de Obras para “ Anexo I. Modificacións.Proxecto básico e de Execución de Rehabilitación de Vivenda unifamiliar entre medianeiras”, con data de visado colexial de 15 de marzo de 2018, redactado pola arquitecta dona María Cristina Sabariz Rúa.

Consta solicitude de licenza de obras segundo documentación de “ Anexo I. Modificacións.Proxecto básico e de Execución de Rehabilitación de Vivenda unifamiliar entre medianeiras”, con data de visado colexial de 15 de marzo de 2018, redactado pola arquitecta dona María Cristina Sabariz Rúa, con número de rexistro de entrada no concello 1387 de 27 de marzo de 2018.

Consta informe favorable da Arquitecto Municipal de data 2 de abril de 2018.

Consta informe do Secretario municipal de data 3 de maio de 2018.

A Xunta de Goberno Local, , acorda :

Conceder licenzas de obras a Don Enrique Nogueira Martínez para “ Anexo I. Modificacións. Proxecto básico e de Execución de Rehabilitación de Vivenda unifamiliar entre medianeiras”, con data de visado colexial de 15 de marzo de 2018, redactado pola arquitecta dona María Cristina Sabariz en Rúa Yañez 30, Ribadavia.

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licenzas outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 144.3 da Lei do Solo de Galicia, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: *O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.*

Caducidade: *A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.*

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: *Vivenda.*

Contía na que se orzan as obras: *86.966,75 €*

Situación e emprazamento das obras: *Rúa Yañez 30.*

Nome ou razón social do promotor: *D Enrique Nogueira Martínez.*

Prazos: O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de tres (3) anos , a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

Liquidación do ICIO: Tendo en conta que con data 5/12/2017, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a contía de 2.261,14 euros, non procede a práctica de liquidación complementaria.

OUTRAS CONDICIONS.-

Deberá acristalarse en toda a superficie a porta venta Pe4 coa finalidade de cumprimento do apartado a) do punto I.A.1.2 Iluminación, ventilación natural e relación co exterior nas estancias dormitorio 1 e dormitorio 2.

Estarase ao disposto no Informe do Arqueólogo municipal.

Antes do inicio das obras deberá presentarse os correspondentes Oficios de Dirección da Execución das Obras e de Coordinación en Seguridade e saúde.

Respecto da seguridade dos traballadores , adoptaranse as medidas mínimas de Seguridade e Saúde, recollidas na Ordenanza Laboral de Construcción e demais normativa aplicable. Manterase en todo momento a limpeza do vial público.

Outorgamento licenza de obras 645/2018 RIB / C/17.1/18

Visto o escrito presentado por **Don Isaac Martínez Estévez** , onde solicita Licenza de Obras para Proxecto básico modificado de reforma interior de vivenda unifamiliar de planta baixa e piso , redactado polo arquitecto don Ildfonso Estévez Martínez, colexiado nº 572 , na Estrada OU-504 Nº 15, San Cristovo.

Consta Proxecto básico modificado de reforma interior de vivenda unifamiliar de planta baixa e piso , redactado polo arquitecto don Ildfonso Estévez Martínez, colexiado nº 572 .

Consta informe favorable da Arquitecto Municipal de data 24 de abril de 2018.

Consta informe do Secretario municipal de data 26 de abril de 2018.

A Xunta de Goberno Local, , acorda :

Conceder licencia a don Isaac Martínez Estévez para Proxecto básico modificado de reforma interior de vivenda unifamiliar de planta baixa e piso , redactado polo arquitecto don Ildfonso Estévez Martínez, colexiado nº 572 , na Estrada OU-504 Nº 15, San Cristovo.

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística. A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 144.3 da Lei do Solo de Galicia, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: *O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.*

Caducidade: *A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.*

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: *Vivenda.*

Contía na que se orzan as obras: *54.912,00 €*

Situación e emprazamento das obras: *Estrada OU-504 nº15, San Cristovo.*

Nome ou razón social do promotor: *Isaac Martínez Estevez*

Director de Obra: *D Ildefonso Estévez Martínez.*

Prazos: *O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.*

Liquidación do ICIO: Tendo en conta que con data 23/3/2018, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a contía de 1.427,71 euros, *non procede a práctica de liquidación complementaria.*

OUTRAS CONDICIONS.-

Deberá achegar o proxecto de execución de reforma interior de vivenda unifamiliar de Planta baixa e piso que deba incluír o Certificado de Seguridade e Solidez estrutural do inmovible. Os prazos quedan interrompidos en tanto se presente dita documentación , necesaria para poder considerar a documentación completa aos efectos do esixido para a comunicación previa.

Respecto da seguridade dos traballadores , adoptaranse as medidas mínimas de Seguridade e Saúde, recollidas na Ordenanza Laboral de Construcción e demais normativa aplicable. Manterase en todo momento a limpeza do vial público.

Outorgamento licenza de obras 851/2018 RIB / C/27/18

Visto o escrito presentado por **Don José Luis Paz Vázquez** onde solicita Licenza de Obras para PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE AMPLIACIÓN DE CONSTRUCCIÓN AUXILIAR EXISTENTE na Estrada de Carballiño OU-504 Nº 81, Lugar de San Cristovo.

Consta PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE AMPLIACIÓN DE CONSTRUCCIÓN AUXILIAR EXISTENTE redactado pola arquitecta dona María Cristina Sabariz Rúa, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia nº 1802060,2,data 17.04.2018

Consta informe favorable da Arquitecto Municipal de data 23 de abril de 2018.

Consta informe do Secretario municipal de data 24 de abril de 2018.

A Xunta de Goberno Local, , acorda :

Conceder licencia a don Don José Luis Paz Vázquez para PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE AMPLIACIÓN DE CONSTRUCCIÓN AUXILIAR EXISTENTE na Estrada de Carballiño OU-504 Nº 81, Lugar de San Cristovo redactado pola arquitecta dona María Cristina Sabariz Rúa, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia nº 1802060,2,data 17.04.2018

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é

xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 144.3 da Lei do Solo de Galicia, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: *O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.*

Caducidade: *A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.*

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Almacén vinculado a vivenda.

Contía na que se orzan as obras: 6.698,36 €

Situación e emprazamento das obras: Estrada OU-504 nº81, San Cristovo.

Nome ou razón social do promotor: D José Luis Paz Vázquez.

Director de Obra: D^a María Cristina Sabariz Rúa.

Prazos: *O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.*

Liquidación do ICIO: *Tendo en conta que con data 19/3/2018, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a contía de 174,16 euros, non procede a práctica de liquidación complementaria.*

OUTRAS CONDICIONS.-

Respecto da seguridade dos traballadores, adoptaranse as medidas mínimas de Seguridade e Saúde, recollidas na Ordenanza Laboral de Construcción e demais normativa aplicable.

Manterase en todo momento a limpeza do vial público.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO INDUSTRIAL.-

1.- Visto o escrito presentado por don Roberto Picarella solicitando acometida de auga en Rúa Ribeiro 9 baixo, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmoible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 27-4-2018 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

-Escrito de don Iván Reinaldo Vallejo, en representación do A.D.C Ribeiro, con número de rexistro de entrada no concello 1901 de 26/04/2018, solicitando as instalacións deportivas municipais os días 11,12 e 13 de maio de 2018.

A xunta de goberno local acorda.

-Conceder o uso das instalacións deportivas municipais os días 11,12 e 13 de maio para a celebración da Fase de Ascenso a 1ª División Nacional Masculina de Balonman a ADC Ribeiro.

-Autorízase a colocación de cartelóns de publicidade de patrocinadores e colaboradores

-Autorízase a utilización da cafetería e/ou colocación de barra de comidas e bebidas na entrada da instalación. A colocación da barra debe observar , según o código técnico da edificación , as dimensións mínimas de seguridade cara as portas antipánico.

Na expedición de produtos debe cumprirse o artigo 116 da Lei 3/2012 Xeral do Deporte de Galicia, e outras que fosen de aplicación ao expedir produtos en centros deportivos.

-Escrito de don José Manuel García Barrachina , con rexistro de entrada no concello 1980 de 4 de maio de 2018, manifestando que por estar traballando non pode aceptar a oferta formulada e solicitando non causar baixa na bolsa de traballo temporal. A xunta de goberno acorda acceder ao solicitado.

-Escrito de dona Alicia Galvez González, con rexistro de entrada no concello 1821 de 27 de abril de 2018, manifestando que por estar traballando non pode aceptar a oferta formulada e solicitando non causar baixa na bolsa de traballo temporal. A xunta de goberno acorda acceder ao solicitado.

-Escrito de dona María del Carmen Vázquez Veiga, con rexistro de entrada no concello 1920 de 27 de abril de 2018, manifestando que por estar traballando non pode aceptar a oferta formulada e solicitando non causar baixa na bolsa de traballo temporal. A xunta de goberno acorda acceder ao solicitado.

-Escrito de Seanto SL comunicando a execución de traballos fitosanitarios nas carreteras da Xunta de Galicia. A xunta de goberno acorda comunicar que se utilicen herbicidas sostibles, non contaminantes e, en ningún caso, perigosos ou canceríxenos.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

-Notificación de resolución de concesión de axuda polo director xeral de Agader para o proxecto de Mellora de camiños municipais do concello de Ribadavia por importe de 36.638,00 €

-Notificación de resolución de concesión de subvención pola Axencia de Turismo de Galicia para a contratación de dúas persoas para a oficina de turismo por importe de 5.199,92 €

-Escrito da Deputación Provincial, con rexistro de entrada de 2 de maio de 2018, comunicando a aplicación de herbicida nas estradas de titularidade provincial de acordo co Real Decreto 1311/2012. A xunta de goberno acorda comunicar que se utilicen herbicidas sostibles, non contaminantes e, en ningún caso, perigosos ou canceríxenos.

REPARACIÓN DE FIRME EN VARIOS CAMIÑOS DO CONCELLO DE RIBADAVIA.

Recibido con rexistro de entrada no concello 1845 de 24 de abril de 2018 Requerimento de cumprimentación de trámite da Deputación Provincial, en relación ao expediente 2018/0000648F, denominación da obra: Reparación de firme en varios camiños do Concello de Ribadavia. A xunta de goberno local por unanimidade acorda:

-O concello de Ribadavia poñerá a disposición da brigada os medios necesarios para a execución das obras, que nunha primeira estimación representan un total de 35.509,11 € que deberá achegar mediante pago directo ao seu subministrador e posta a disposición da brigada de obra.

-Ponse a disposición da Deputación os terreos necesarios para a execución das obras e a tramitación das autorizacións necesarias.

-O concello de Ribadavia faise cargo dos danos e perdas que se deriven da execución das obras, en relación coa ocupación de terreos, servidumes e casos semellantes.

-As obras solicitadas de Reparación de firme en varios camiños do concello de Ribadavia cumpren co establecido no artigo 37 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACIÓN LIQUIDACIÓN AQUALIA .- XANEIRO 2012 A DECEMBRO 2015.-

Vista a liquidación presentada pola empresa Aqualia, Gestión Integral del Agua, S.A., con domicilio na rúa Yáñez, nº 9-baixo, desta vila, correspondente ao período comprendido entre xaneiro 2012 a decembro 2015, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle aprobación:

CONCEPTO	RESUME LIQUIDACIÓN	
A FAVOR DE AQUALIA		
GESTIÓN DE E.D.A.R. E E.T.A.P.		470.546,60€
TRABALLOS VARIOS		- €
ACTUALIZACIÓN ALCANTARILLA DO FIXO		- 57.689,89 €
EXECUTIVA		115.856,62 €
TOTAL (A favor de Aqualia)		528.713,33 €
A FAVOR DO CONCELLO		
COBROS DE SANEAMENTO		336.457,26 €
CANON		254.890,22 €
TOTAL (A favor Concello)		591.347,48 €
<i>TOTAL LIQUIDACIÓN</i>		<i>- 62.634,15 €</i>
<i>TOTAL COMPENSACIÓN (A FAVOR DO CONCELLO)</i>		<i>62.634,15 €</i>

Contrato menor mixto de subministro e de servizos para a piscina municipal de A Veronza.

Sendo necesario en relación á piscina municipal de A Veronza o cumprimento do establecido polo Real Decreto 742/2013 e o Decreto 103/2005 de 6 de maio e outras normativas de aplicación.

De conformidade co establecido no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público ,queda acreditado que non existen medios materiais no concello para proveer o necesario.

En exercicio de competencia delegada nesta Xunta de goberno por Decreto de Alcaldía de 15 de xuño de 2016.

Vista a Lei 9/2017 de contratos do sector Público:

118.1 Se consideran contratos menores os de valor estimado inferior a 40.000 euros , cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministros ou de servizos. Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Asemade, se requirirá a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que establezcan as normas de desenrolo de esta lei.

118.3 No expediente xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación de regras xerais de contratación , e que o contratista non teña subscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro de este artigo, O órgano de contratación comprobará o cumprimento de esta regra.

118.4 Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.

131.3 Os contratos menores poden adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.

29.8 Os contratos menores non poden ter unha duración superior ao ano nin ser prorrogados.

16.1 Son contratos de subministro os que teñen por obxecto a adquisición, arrendamento financeiro ,ou o arrendamento , con o sen opción de compra de produtos ou bens móbiles.

17 Son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenrolo dunha actividade ou dirixidas a obtención dun resultado distinto dunha obra ou dun subministro, incluíndo aqueles en que o adxudicatario se obrigue a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario.

18.1 Entenderase por contrato mixto aquel que conteña prestacións correspondentes a outro ou outros de distinta clase.

Para a determinación das normas que rexerán a adxudicación dos contratos mixtos cuxo obxecto conteña prestacións de varios contratos regulados nesta lei, estarase as seguintes regras.

A)Cando un contrato mixto comprenda prestacións propias de dous o máis contratos de obras, subministros ou servizos atenderase o carácter da prestación principal.

Considerando que dende o 9 de marzo de 2018, data de entrada en vigor da Lei 9/2017 , non se ten subscrito ningún contrato con este obxecto coa empresa Lincolnd Ibérica, co cal os contratos menores do obxecto do contrato suscritos co contratista non alcanzan o valor estimado de 15.000 euros.

Contratar con Lincolnd Ibérica contratación do subministro de produtos químicos, materiais e outros servizos para o tratamento e mantemento da piscina municipal A Veronza por un importe total ,IVE engadido de 5.800 euros.

Teñen carácter contractual, forman parte integrante do contrato o Prego de prescripcíons técnicas particulares para a contratación do suministro de produtos químicos, materiais e outros servizos para o tratamento e mantemento da piscina municipal A Veronza, que serán notificados ao contratista de forma conxunta coa adxudicación do contrato.

Aprobar o gasto por importe de 5.800 euros con cargo á partida orzamentaria

Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data.

Contrato do seguro de responsabilidade civil para as instalacións deportivas dependentes do Consello Municipal de Deportes.

En exercicio de competencia delegada nesta Xunta de goberno por Decreto de Alcaldía de 15 de xuño de 2016.

Visto o informe da Xunta Consultiva de Contratación do Estado 41/1998 de 16 de decembro de 1998, que indica” la posibilidad de que en los contratos de seguros pueda ser utilizada la categoría de los contratos menores , ha de recibir una respuesta afirmativa” Pronunciándose no mesmo senso o Informe da Intervención Xeral da Comunidade de Madrid de 13 de setembro de 2004” Admisión de la figura del contrato menor en el ámbito de los contratos de seguro”

Vista a Lei 9/2017 de contratos do sector Público:

118.1 Se consideran contratos menores os de valor estimado inferior a 40.000 euros , cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministros ou de servizos. Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Asemade, se requerirá a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que establezcan as normas de desenrolo de esta lei.

118.3 No expediente xustificárase que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación de regras xerais de contratación , e que o contratista non teña subscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro de este artigo, O órgano de contratación comprobará o cumprimento de esta regra.

118.4 Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.

131.3 Os contratos menores poden adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.

29.8 Os contratos menores non poden ter unha duración superior ao ano nin ser prorrogados.

17 Son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenrolo dunha actividade ou dirixidas a obtención dun resultado distinto dunha obra ou dun subministro, incluíndo aqueles en que o adxudicatario se obrigue a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario.

Visto o informe de secretaría de data 26 de abril de 2018.

Considerando que dende o 9 de marzo de 2018, data de entrada en vigor da Lei 9/2017 , non se ten subscrito ningún contrato con este obxecto coa empresa Gestoría Chao, co cal os contratos menores suscritos co contratista non alcanzan o valor estimado de 15.000 euros.

Teñen carácter contractual, forman parte integrante do contrato o Prego de prescripcíons técnicas para contrato de servizo do seguro de responsabilidade civil para as instalacións deportivas dependentes do Consello Municipal de Deportes, que serán notificados ao contratista de forma conxunta coa adjudicación do contrato.

Contratar con por un importe total ,IVE engadido de 708 euros a póliza do seguro de responsabilidade civil das instalacións dependentes do Consello Municipal de Deportes coa Gestoría Chao polo prazo dun ano dende a sinatura do contrato.

Aprobar o gasto por importe de 708 euros con cargo á partida orzamentaria 224.00 920

Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data.

Contrato menor de servizos de explotación, instalación e mantemento de máquinas expendedoras nas instalacións deportivas municipais.

Sendo necesario en relación ás instalacións deportivas municipais a instalación , explotación e mantemento de máquinas expendedoras que faciliten o acceso a determinados produtos dos usuarios das instalacións deportivas municipais.

De conformidade co establecido no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público ,queda acreditado que non existen medios materiais no concello para proveer o necesario.

En exercicio de competencia delegada nesta Xunta de goberno por Decreto de Alcaldía de 15 de xuño de 2016.

Vista a Lei 9/2017 de contratos do sector Público:

118.1 Se consideran contratos menores os de valor estimado inferior a 40.000 euros , cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministros ou de servizos. Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Asemade, se requerirá a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que establezcan as normas de desenrolo de esta lei.

118.3 No expediente xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación de regras xerais de contratación , e que o contratista non teña subscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro de este artigo, O órgano de contratación comprobará o cumprimento de esta regra.

118.4 Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.

131.3 Os contratos menores poden adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.

29.8 Os contratos menores non poden ter unha duración superior ao ano nin ser prorrogados.

17 Son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenrolo dunha actividade ou dirixidas a obtención dun resultado distinto dunha obra ou

dun subministro, incluíndo aqueles en que o adxudicatario se obrigue a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario.

Considerando que dende o 9 de marzo de 2018, data de entrada en vigor da Lei 9/2017 , e no presente exercicio orzamentario, non se ten subscrito ningún contrato con este obxecto coa empresa Rofervending SL, co col non se ten subscrito co adxudicatario contratos menores que superen o valor estimado de 15.000 euros.

Teñen carácter contractual, forman parte integrante do contrato o Prego de prescripcións técnicas que rexen o contrato de servizo de explotación, instalación e mantemento de máquinas expendedoras nas instalacións municipais, que serán notificados ao contratista de forma conxunta coa adxudicación do contrato.

Contratar con Rofervending SL o contrato de servizo de explotación, instalación e mantemento de máquinas expendedoras nas instalacións deportivas municipais polo prazo dun ano , debendo abonar o concesionario un canon anual de 600 euros.

Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data.

Contrato menor de servizos de socorrismo para a piscina municipal de A Veronza.

O artigo 29 do Decreto 103/2005 polo que se establece a reglamentación técnico-sanitaria de piscinas de uso colectivo establece a obriga de todas as piscinas de uso colectivo de ter, alomenos, un socorrista titulado.

Visto o Informe 42/2017 , de 2 de marzo de 2018 , da Xunta Consultiva de Contratación do Estado:” A lei non contempla unha limitación á celebración de contratos menores cun mesmo operador económico cando as prestacións obxecto dos mesmos sexan cualitativamente diferentes e non formen unha unidade.Por iso, fóra dos casos de alteración fraudulenta do obxecto do contrato, si é posible celebrar outros contratos menores co mesmo contratista, pero neste caso deberá xustificarse adecuadamente no expediente que non se dan as circunstancias prohibidas pola norma”

Visto o Informe 1/2018 , de 25 de abril de 2018, da Xunta Consultiva de contratación administrativa de Galicia, sobre interpretación do apartado 3º do artigo 118 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público:”Conclusións. Entende este órgano que a interpretación correcta do artigo 118.3 , en liña coa xa manifestada no seu informe pola XCCA do Estado, é que no expediente xustificárase que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación e que o contratista non suscribiu máis contratos

menores co mesmo obxecto que individual ou conxuntamente superen a cifra que conste no apartado primeiro do artigo”

De conformidade co establecido no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público ,queda acreditado que non existen medios materiais no concello para proveer o necesario.

En exercicio de competencia delegada nesta Xunta de goberno por Decreto de Alcaldía de 15 de xuño de 2016.

Vista a Lei 9/2017 de contratos do sector Público:

118.1 Se consideran contratos menores os de valor estimado inferior a 40.000 euros , cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministros ou de servizos. Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Asemade, se requirirá a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que establezcan as normas de desenrolo de esta lei.

118.3 No expediente xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación de regras xerais de contratación , e que o contratista non teña subscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro de este artigo, O órgano de contratación comprobará o cumprimento de esta regra.

118.4 Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.

131.3 Os contratos menores poden adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.

29.8 Os contratos menores non poden ter unha duración superior ao ano nin ser prorrogados.

17 Son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenrolo dunha actividade ou dirixidas a obtención dun resultado distinto dunha obra ou dun subministro, incluíndo aqueles en que o adxudicatario se obrigue a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario.

Considerando que dende o 9 de marzo de 2018, data de entrada en vigor da Lei 9/2017 , e no presente exercicio orzamentario, non se ten suscrito ningún contrato con este obxecto con Mantesil SLU (tense suscrito un contrato menor con distinto obxecto e carente de toda relación co actual) , co cal non se supera o límite de 15000 euros de valor estimado anual establecido polo artigo 118.3 da LCSP.

Teñen carácter contractual, forman parte integrante do contrato o Prego de prescricións técnicas que rexen o contrato de servizo de sorrismo na piscina Municipal A Veronza, que serán notificados ao contratista de forma conxunta coa adxudicación do contrato.

Contratar con Mantesil SLU a contratación do servizo de socorrismo da piscina municipal A Veronza .

O prezo por hora estipulado sera de 14 € hora , IVE engadido.

O adxudicatario facturará mensualmente según o número de horas traballados según o estipulado no punto 4 do Prego de prescricións técnicas.

O prezo máximo do contrato será de 10.000 euros , IVE engadido.

Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data.

Contrato menor de servizos de Natación para a piscina municipal de A Veronza.

Sendo necesario para implementar a competencia municipal atribuída polo artigo 25.2.1) da LRBRL “ promoción do deporte e instalacións deportivas”

De conformidade co establecido no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público ,queda acreditado que non existen medios materiais no concello para proveer o necesario.

En exercicio de competencia delegada nesta Xunta de goberno por Decreto de Alcaldía de 15 de xuño de 2016.

Vista a Lei 9/2017 de contratos do sector Público:

118.1 Se consideran contratos menores os de valor estimado inferior a 40.000 euros , cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministros ou de servizos. Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Asemade, se requerirá a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que establezcan as normas de desenrolo de esta lei.

118.3 No expediente xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación de regras xerais de contratación , e que o contratista non teña subscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro de este artigo, O órgano de contratación comprobará o cumprimento de esta regra.

118.4 Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.

131.3 Os contratos menores poden adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.

29.8 Os contratos menores non poden ter unha duración superior ao ano nin ser prorrogados.

17 Son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenrolo dunha actividade ou dirixidas a obtención dun resultado distinto dunha obra ou dun subministro, incluíndo aqueles en que o adxudicatario se obrigue a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario.

Considerando que dende o 9 de marzo de 2018, data de entrada en vigor da Lei 9/2017 , e no presente exercicio orzamentario, non se ten subscrito ningún contrato con este obxecto con Mouxi3n SL , co cal non se supera o límite de 15000 euros de valor estimado anual establecido polo artigo 118.3 da LCSP.

Teñen carácter contractual, forman parte integrante do contrato o Prego de prescripci3ns t3cnicas que rexen o contrato de mestre/mestres de nataci3n na piscina Municipal A Veronza, que ser3n notificados ao contratista de forma conxunta coa adxudicaci3n do contrato.

Contratar con Mouxi3n SL o servizo de mestre/s de nataci3n da piscina municipal A Veronza .

O prezo do contrato ser3 de 4.000 euros , IVE engadido.

Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data.

-Dase conta de que os prezos públicos para o Curso de Natación 2018 mantense nas mesmas contías.

-Dase conta do contrato para o tratamento de datos persoais na contratación coas Administracións Públicas, subscrito entre o concello de Ribadavia (entidade responsable do tratamento) e Aqualia (entidade encargada do tratamento), formalizado coa finalidade de dar cumprimento á normativa de protección de datos.

PETICION DE SUBVENCIONS.-

Orde do 25 de abril de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións en rexime de concorrencia non competitiva, destinadas a creación ou mellora de infraestructuras e equipamentos nos Concellos de Galicia par o ano 2018.

O abeiro da Orde do 25 de abril de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións en rexime de concorrencia non competitiva, destinadas a creación ou mellora de infraestructuras e equipamentos nos Concellos de Galicia par o ano 2018, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

UNICO.- Acollerse a devandita Orde solicitando a correspondente subvención, prestando aprobación o proxecto denominado “MELLORA DO ESPAZO PÚBLICO EXISTENTE NO ENTORNO DO CPI TOMÁS DE LEMOS: PISTA MULTIDEPORTES E PARQUE INFANTIL”, por importe de 65.135,11 euros, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.

E sendo as dez horas e trinta e seis minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

ALCALDE

SECRETARIO



Concello de Ribadavia